



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Organización  
Sección de Organización da Prevención de Riscos Laborais

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DOS CENTROS DE MENORES DEPENDENTES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA ANTE O NOVO CORONAVIRUS

Don **Valentín González Formoso**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Ante a situación que se está a xerar como consecuencia do coronavirus COVID-19, a Deputación da Coruña está a tomar medidas de carácter preventivo nos centros de menores polo que

### RESOLVO:

Este protocolo establece o procedemento de actuación do persoal afectado polos traballos a desenvolver nos centros de menores dependentes da Deputación na situación de alarma nacional debida ao novo coronavirus.

Polo tipo de centro de que se trata, resulta imposible que o persoal do Fogar Infantil Emilio Romay (FIER) deixe de prestar servizos durante esta situación, non así o Centro de día de menores de Ferrol que pechará durante a vixencia do estado de alarma decretado polo Goberno da Nación. Do mesmo modo, é posible que durante este tempo algún dos menores que viven no FIER resulte infectado polo coronavirus ou ben se considere caso en investigación.

Por estos motivos, a Deputación da Coruña aproba o seguinte protocolo de actuación.

O documento porase a disposición da dirección do centro e do seu persoal, así como de calquera outro/ traballador/a afectado/a. Este documento estará á disposición de todas as persoas usuarias, profesionais e familias interesadas na páxina web da Deputación da Coruña ([www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)).

Este documento constitúe unha adaptación do *PROTOCOLO CONXUNTO DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E DA CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA OS CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN E EVOLUCIÓN DO CORONAVIRUS (COVID-19)* aos Centros de menores dependentes da Deputación por se tratar de centros de similares características aos recollidos no mencionado protocolo.

## 1-MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS VINDEIROS 14 DÍAS

As recomendacións e medidas que se propoñen neste protocolo están deseñadas para axustar a súa proporcionalidade á situación actual e terán unha vixencia inicial de 14 días naturais, sen prexuízo das prórrogas que se acorden de forma sucesiva.

Sen prexuízo do anterior, os centros deberán estar atentos en todo momento ás informacións, recomendacións e medidas adicionais que fagan as autoridades sanitarias e sociais competentes con respecto ás pautas de actuación fronte ao posible impacto do COVID-19, e deberán colaborar axilmente na súa aplicación.

O persoal afectado polo peche dos seus centros de traballo que realice funcións similares as desenvolvidas nos centros de menores da Deputación actuarán como reforzo no caso de que sexan requiridos pola Dirección do centro que os necesite.

Nesta situación formúlase un escenario no que se aplican unha serie de medidas específicas para a protección das persoas que teñen relación con este centro.

### 1.1 NORMAS XERAIS

- As visitas aos centros estarán limitadas a unha persoa visitante por cada persoa usuaria. Poderanse facer excepcións cando haxa circunstancias que así o aconsellen.

- Non se permitirán as visitas de persoas que presenten síntomas respiratorios (febre, tose ou falta de aire), ou que procedan de áreas con evidencia de transmisión comunitaria. A 15 de marzo, e segundo a información do ministerio de sanidade son:

España: as Comunidades Autónomas de Madrid e da Rioja; os concellos de Labastida-Bastida e Vitoria-Gasteiz (País Vasco) e Miranda de Ebro (Castela e León)

Italia (todo o país)

Francia: departamentos de Haut-Rhin (Grand Est) e l'Oise (Hauts-de-France)

Alemania: departamento de Heinsberg (Renania del Norte-Westfalia)

China (todas as provincias, incluíndo Hong Kong e Macao)

Corea do Sur

Xapón (isla de Hokkaidō)

Singapur

Irán

Esta información pode variar polo que se terán en conta en cada momento as actualizacións indicadas na páxina do ministerio de sanidade:

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/areas.htm>

- Restrinxirase o acceso aos centros das persoas visitantes maiores de 70 anos. Esta medida deberá aplicarse coa necesaria sensibilidade de cara ás familias, explicando que é unha medida destinada á protección de visitantes e usuarios.
- Reforzar nos centros a difusión de información sobre hixiene sanitaria.
- Suspenderase as actividades externas que supoñan desprazamento das persoas usuarias (non se inclúen citas médicas, etc) e das actividades complementarias que se realicen nas instalacións do centro con persoas alleas ao mesmo.
- Suspenderase os permisos e saídas das nenas, nenos e adolescentes que residan no centro.
- Suspenderase a concesión de permisos ao persoal para asistir a congresos, xornadas ou similares.
- As persoas pertencentes aos grupos de risco non deberán acudir a traballar ao centro.
- Ao centro únicamente se accederá pola entrada principal.
- O persoal de reparto que acceda ao centro (transporte de alimentación e suministros básicos, mantemento, reparacións de urxencia) manterá unha distancia de metro e medio co persoal do centro, recomendaráselles que accedan con mascarilla cirúrxica.

No caso hipotético dun escenario agravado, adoptaranse as seguintes medidas adicionais:

- Limitación de todas as visitas ás estritamente precisas,
- No caso das que sexan ineludibles, a persoa visitante deberá acudir con mascarilla quirúrxica.

O centro de día de Ferrol suspenderá a súa actividade durante os próximos 14 días.

## 1.2. RECOMENDACIÓNS XERÁIS

- Aconséllase seguir as medidas recollidas neste protocolo para reducir a difusión da enfermidade entre as persoas que teñen contacto cos centros e buscar consello médico, cando a situación o precise.

- Recoméndase que se eviten as alarmas innecesarias e, en todo caso, se actúe segundo as indicacións das autoridades sanitarias.
- Recoméndase as persoas traballadoras non difundir noticias non contrastadas nin escenarios pesimistas que non aportan beneficios nin ao persoal do centro nin aos menores.
- Recoméndase ao persoal que recabe a información necesaria a través do Ministerio de Sanidade ou das autoridades sanitarias da provincia, ou que polo menos sexa esta a información que difunda no centro.

### 1.3. MEDIDAS ORGANIZATIVAS

A dirección do centro deberá cumprir e facer cumprir as seguintes medidas:

1. A persoa responsable do centro actuará como coordinadora das actuacións ante o COVID-19.
2. O centro asegurase de que a información aquí contida é coñecida por todo o persoal.
3. A persoa responsable do centro asegurase de que todas as persoas do centro coñecen o plan de actuación ante un posible caso de COVID-19.
4. Así mesmo, difundirá a información básica sobre o COVID- 19 (tales como os signos e síntomas e as formas de contaxio), así como as medidas de prevención e control tanto para as persoas usuarias e o persoal do centro como para familias.

Este protocolo estará colgado nun sitio visible en cada unha das casiñas do centro, así como na recepción do FIER. Enviarase por correo electrónico a todo o persoal.

5. O centro actualizará os datos de contacto telefónico (móbil, fixo) e correo electrónico dos/as familiares de contacto e do persoal do centro para que, no caso de que sexa necesario, se poida axilizar a comunicación con todos eles.
6. O persoal do centro deberá prestarlle atención á saúde das persoas usuarias.
7. Garantírase a subministración dos materiais de limpeza tanto para a hixiene persoal do persoal do centro, como para a do propio centro.
8. Garantíranse os EPIs necesarios para os traballos con persoas contaxiadas ou en investigación.

### 1.4. MEDIDAS PERSOAIS DE PREVENCIÓN

- Cubrir a boca e o nariz ao tusir e esberrar con panos de papel e tiralos ao lixo e, se se pode, despois lavar as mans segundo o procedemento indicado no Anexo I.

- Se non se teñen panos de papel, tusir e esbirrar co cóbado flexionado para evitar a contaminación das mans.

- Lavar as mans frecuentemente, preferiblemente con xabón (durante 40 segundos) ou con solución de base hidroalcohólica (durante 20 segundos) e, sobre todo, despois de tusir ou esbirrar. Recoméndase lavar as mans como mínimo antes e despois das horas de lecer, e antes e despois do servizo de comedor. No Anexo I inclúese o procedemento a seguir para un correcto lavado de mans.

- Evitar tocar, na medida do posible, coas mans, os ollos, o nariz ou a boca.

**IMPORTANTE:** Todas estas recomendacións deben serlle comunicadas ao persoal traballador e ás persoas usuarias e deben ser reforzadas nas distintas oportunidades que presenta a vida cotiá do centro.

### 1.5. MEDIDAS DE LIMPEZA NOS CENTROS

Os centros deben intensificar as medidas de hixiene das persoas usuarias (salvo orde médica que recomende o contrario) e no persoal, así como nas instalacións do centro.

Por este motivo, os centros deben extremar os bos hábitos de hixiene nas súas dependencias, facendo especial énfase en:

- Ventilari diariamente as dependencias, os despachos, as salas de reunións, os comedores, aseos e todas as dependencias do edificio.

- Deberá realizarse unha limpeza a fondo dos diferentes espazos: baños e cociñas.

- Se hai menores pertencentes aos grupos de risco, a limpeza das zonas onde se aloxan realizarase co dobre de frecuencia co resto. As portas que dan acceso a estas zonas sempre se manterán pechadas. A ventilación realizarase únicamente a través das xanelas.

- As superficies limparanse con máis frecuencia, poñendo especial atención nas de contacto frecuente (interruptores, tiradores das portas, teléfonos, xoguetes, teclados e ratos de ordenador, timbres etc.), mobiliario do comedor e das zonas de estar (mesas e cadeiras) e aqueles obxectos de uso común (vaixela, mesados, aseos, pomos, varandas, etc) onde o virus pode permanecer de horas a días. Por iso, é importante limpar máis frecuentemente estas superficies cos produtos de limpeza habituais.

- Recoméndase que a limpeza se faga en húmido para evitar levantar po, e aspirar en lugar de varrer.

- Retíranse as alfombras e os tapetes. As superficies textís deberán aspirarse en lugar de sacudirse.

- Recoméndase o uso de luvas para realizar a limpeza e lavalos con frecuencia para evitar a dispersión de microorganismos dun cuarto ou estancia a outro.
- As luvas empregadas para limpar os cuartos con persoas enfermas deberán retirarse antes de pasar a outro.
- O uso de luvas non exime do lavado de mans.

No lavado de utensilios, roupas e na eliminación de residuos deben seguirse as seguintes recomendacións:

- Deben limparse ben, tal como se fai de xeito habitual, os utensilios de comida (vaixela, cubertos, vasos etc.) utilizados polas persoas usuarias e persoal do centro. Non é necesario no seu lavado utilizar luvas de goma estériles.
- O material que se utiliza nas cociñas para a elaboración das comidas debe lavarse na forma que se realiza habitualmente: con auga quente e co xabón ou deterxente habitual.

## 2-MATERIAL REQUIRIDO

### 2.1. Material de hixiene persoal.

E imprescindible que o centro teña dispoñibilidade do seguinte material de hixiene persoal

- Xabón e xeles para a hixiene do persoal: lavar as mans etc.
- Toallas de papel desbotables, no caso de que non se dispoña de secadores de aire.
- Panos desbotables.
- Papel hixiénico.
- Cubos con tapa e con apertura a pedal.
- Bolsas do lixo de plástico.

### 2.2. Material de limpeza do centro.

Deberase asegurar a reserva dos seguintes materiais de limpeza das instalacións:

- Xabón ou deterxente normal.
- Luvas de limpeza.
- Produtos habituais de limpeza.

- Lixivia.

### 2.3. EPIs

No centro existirán os seguintes EPIs en número suficiente:

- mascarillas quirúrxicas
- mascarillas autofiltrantes FFP2 segundo UNE-EN 149:2001 + A1:2009
- caixas de luvas segundo UNE-EN ISO 374.5:2016
- gafas integrais fronte a gotas segundo UNE-EN 166:2002, campo de uso 3, 4 ou 5.
- roupa fronte a risco biolóxico

### 3-PAUTAS QUE SE DEBEN SEGUIR NO SUPOSTO QUE ALGUNHA PERSOA USUARIA PRESENTE SÍNTOMAS DE COVID-19

#### 3.1. Síntomas do COVID-19

Os síntomas máis comúns da nova enfermidade por coronavirus (COVID-19) son: febre, tos e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber síntomas dixestivos como diarrea e dor abdominal. A maior parte dos casos presentan síntomas leves.

#### 3.2. Actuacións ante un posible caso de COVID-19 no centro

Ante a presenza dun posible caso de COVID-19 no centro deberán seguirse as seguintes pautas de actuación:

- Situar a persoa afectada, residente ou persoal do centro no **Fogar Anduriña**. No caso de que sexa un menor, deberá ser acompañado por unha persoa traballadora do centro.

A persoa traballadora que o atenda deberá vestir os seguintes EPIs:

- mascarilla autofiltrante FFP2 segundo UNE-EN 149:2001 + A1:2009
- luvas segundo UNE-EN ISO 374.5:2016
- gafas integrais fronte a gotas segundo UNE-EN 166:2002, campo de uso 3, 4 ou 5.
- roupa fronte a risco biolóxico

**A persoa contaxiada ou sospeitosa de estalo deberá utilizar mascarilla cirúrxica.**

Cando deixe de atendela desbotará os EPIs segundo o procedemento indicado no Anexo III e os que non sexan desbotables os limpará aplicando os pasos indicados no devandito anexo.

A roupa de cama, toallas e prendas de vestir que estiveran en contacto coas persoas contaxiadas ou en investigación limparáanse do seguinte modo:

- destinarase unha lavadora da lavandería para esta roupa, estará sinalizada,
- a roupa baixarase nunha bolsa pechada a lavandería,
- o persoal da lavandería a manipulará usando os EPIs indicados no punto 3.2.
- a roupa lavarase a unha temperatura de entre 60 e 90 graos.

Se a persoa afectada é residente ou persoal do centro, contactarase co teléfono 900 400 116, de ser unha sintomatoloxía leve, relacionada cun posible caso, ou co 061 se se considera que se trata dunha emerxencia.

Unha vez avisado, será o persoal sanitario quen deberá realizar a valoración clínica oportuna e establecer as instrucións e as pautas que hai que seguir.

Mentres a persoa contaxiada ou en investigación esté no fogar Anduriña as portas desta zona manteranse permanentemente pechadas, unicamente se abrirán para as entradas e saídas. A ventilación farase a través das xanelas.

Unha vez que quede libre este espazo, deixarase pechado ata que poida procederse á súa limpeza de forma meticulosa, atendendo ás instrucións que, sobre a limpeza de espazos, mobles e demais útiles, se indican neste protocolo, así como á súa ventilación. O persoal que realice esta limpeza utilizará os EPIs indicados na lista do punto 2.3.

As persoas usuarias que presenten síntomas de padecer a enfermidade permanecerán na súa habitación se é individual, ata ser atendidas polos servizos sanitarios e se determinen as medidas a adoptar en canto a illamento.

O persoal do centro que estivese en contacto próximo ou atendese unha persoa con síntomas deberá lavar as mans con auga e xabón ou facer unha antiseptia de mans con solucións hidroalcohólicas.

### 3.3. Recomendacións sobre como proceder nos centros ante casos particulares

Como síntese do anterior, preséntanse a continuación distintas situacións sanitarias que van requirir adoptar diferentes medidas.

#### a) Persoa sen síntomas

Todo membro da comunidade do centro que non presente ningún dos síntomas mencionados con anterioridade, xa sexa das persoas usuarias ou do cadro de persoal, desenvolverá a súa actividade diaria no centro con total normalidade.



## b) Persoa con síntomas

### 1) Inicia síntomas no centro

Seguiranse as medidas previstas para os centros no epígrafe “3.2. Actuacións ante un posible caso de COVID-19 no centro”.

### 2) Inicia fóra do centro os síntomas

Debe seguir en todo momento as instrucións sanitarias que reciba.

## LAVARSE LAS MANOS

PARA PROTEGERSE Y  
PROTEGER A LOS DEMÁS

¿POR QUÉ?	¿CUÁNDO DEBO LAVÁRMELAS?
La correcta higiene de manos es una medida esencial para la prevención de todas las infecciones, también las provocadas por el nuevo coronavirus	Tras estornudar, toser o sonarse la nariz
	Después del contacto con alguien que estornuda o tose
	Después de usar el baño, el transporte público o tocar superficies sucias
	Antes de comer
	
	

			 40-60"
Mójate las manos con agua y aplica suficiente jabón	Frótate las palmas de las manos entre sí	Frótate la palma de una mano contra el dorso de la otra entrelazando dedos	
			
Frótate las palmas de las manos entre sí con los dedos entrelazados	Frótate el dorso de los dedos de una mano con la palma de la otra	Con un movimiento de rotación, frótate el pulgar atrapándolo con la palma de la otra mano	
			
Frótate los dedos de una mano con la palma de la otra con movimientos de rotación	Enjuágate las manos con agua	Sécate las manos con una toalla de un solo uso	

# ¿CÓMO DEBO LAVARME LAS MANOS?



40-60"



[www.mscbs.gob.es](http://www.mscbs.gob.es)

## ANEXO II DIRECTORIO TELEFÓNICO E INFORMACIÓN DAS WEBS RELACIONADAS

**Información xeral** sobre o coronavirus: 900 400 116

Urxencias Sanitarias: 061

### **PÁXINAS WEB**

Portal da Consellería de Política Social:

<https://politicasocial.xunta.gal>

Consellería de Sanidade

<https://www.sergas.gal/Saude-publica/Novo-coronavirus-informacion-poboacion->

Ministerio de Sanidade

<https://www.mscbs.gob.es/>

Organización Mundial da Saúde

<https://www.who.int/es/emergencies/diseases/novel-coronavirus-2019>

## ANEXO III PROCEDEMENTO PARA A CORRECTA RETIRADA DOS EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

1- Abre o bidón destinado a botar os EPIs desbotables.

2 – Retira a bata desbotable e deposítala no bidón.

3 – Retira as gafas desbotables e deposítalas na solución con lixivia (10 ml de lixivia por litro de auga).

4 – Retira a mascarilla e deposítala no bidón destinado a botar os EPIs desbotables.

5 – Retira as luvas e deposítalas no bidón destinado a botar os EPIs desbotables.

6 – Pecha o bidón.

7 - Retira as gafas da solución desinfectante e lava as mans segundo o protocolo descrito no Anexo I.

O bidón para depositar os EPIs desbotables atópase a saída do fogar de Anduriña. Atópase sinalizado.